



RESOLUCIÓN do 21 de maio de 2020 do xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra pola que se sinala a data para o pago de depósitos previos e a formalización das actas de ocupación da obra proxecto de construción do plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, puntos quilométricos 58+300 a 64+400 e 68+500 a 69+900, de clave PO/17/146.06 nos concellos de Tomiño e Tui.

Con data 11 de maio de 2020, a Axencia Galega de Infraestruturas emite resolución, onde acorda o inicio e a continuación de determinados procedementos administrativos de expropiación de terreos e bens afectados pola execución de obras competencia da Axencia, ou que lle teñan sido encomendadas, ao abeiro do disposto na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957 e ao abeiro das competencias delegadas por Orde do 7 de setembro de 2017 (DOG núm. 179 do 20.9.2017), este servizo procederá a executar o pagamento dos depósitos previos mediante transferencia bancaria ás persoas propietarias cuxa relación figura exposta no taboleiro de anuncios do concello.

No caso de non ter presentado a documentación acreditativa da titularidade da finca, o certificado de titularidade da conta bancaria, cos códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa convócanse ás persoas propietarias ao acto de formalización das actas de ocupación no lugar, día e hora seguintes:

Lugar: Casa do Concello de Tomiño

Data: 22 de xullo de 2020

Hora: Dende 11:00 ás 13:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Tui

Data: 23 de xullo de 2020

Hora: Dende as 11:00 ás 12:30 horas

A relación de titulares estarán expostos nos concellos de Tomiño e Tui, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Avda. M^a Victoria Moreno, nº 43-1^o, 36003 Pontevedra, e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0174.html

No mesmo acto ofertaranse ás persoas propietarias as valoracións establecidas pola administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

O que se fai público, para xeral coñecemento, advertindo as persoas interesadas que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado, xa sexa xeral ou particular para este caso. En caso de figurar o terreo a nome de herdeiros, deberán achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O Xefe do Servizo Provincial de Pontevedra
Manuel Angel González Juanatey

